

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

Prezadas compañeiras/os dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos de Lugo:

Xa está aberta ao público (do 15 de abril ao 15 de maio), na Rúa San Marcos diante da Deputación de Lugo, a exposición fotográfica "A lingua do futuro / O futuro da lingua", unha aproximación fotográfica ás faces da infancia e a rapazada que falan e viven en galego nunha situación de emerxencia lingüística, da fotógrafa lucense Alba Díaz.

Convidámosvos a coñecela, visitala e interactuar con ela, para o que animamos todo o alumnado e profesorado a fotografarse con motivos, palabras ou mesmo propostas máis artísticas a semellanza das fotografías que compoñen esta exposición e que poden conformar a vosa pequena expo no centro.

Os traballos poden divulgarse nas redes sociais con algún dos seguintes cancelos para encontrármolo e poder compartilo:

#AlinguaDoFuturoOfuturoDaLingua

#emerxencialingüística

#RedeMuseística

#CulturaDeputación

#VicepresidenciaDeputaciónLugo

#EuFaloGalego

#AlbaDíaz

@alba_diaz_fernandez

Agardando que poidades sumarvos á iniciativa, recibide un saúdo afectuoso, quedando á vosa disposición.

—A —O
 LIN FU
 GUA TU
 DO FU RO DA
 TU LIN
 RO— GUA—

Alba Díaz



Do 15 de abril ao 15 de maio
 Rúa San Marcos, Lugo

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

Unha aproximación fotográfica ás faces da infancia e a rapazada que falan e viven en galego n unha situación de emerxencia lingüística.

Alba Diaz

— A flora e a fauna

Na mesma sombra que nos procura o bosque alúmnan as palabras que nomean as árbores e as especies animais no noso lingua e que lle dan luz e ponir á sorte do noso país. Porque a preservación da nosa lingua e o noso territorio van da man e entrelázanse como garantes de futuro para as novas xeracións.

Logo Cultural
Galego Cultural

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

Que é o fráxil?
O feble soño dunha esperanza?
Aquilo que paga a pena protexer?
A teima irrenunciábel por ser no respecto e a dignidade?



Branca e Lea

Logo Cultural
Galego Cultural

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

Unha aproximación fotográfica ás faces da infancia e a rapazada que falan e viven en galego n unha situación de emerxencia lingüística.

Alba Diaz

— As palabras como árbores e a lingua como bosque

A mesma lingua que nos fala da tribo e das nosas orixes, pero que tamén nos proxeita ao mundo. A que reivindica o noso lugar nel, axudándonos a albisar camiños que aínda non vemos. Soños que poden cobrar forma na medida en que somos quen de nomealos. A lingua como un encontro con quen nos rodea, punto de chegada e de partida. A conquista do relato, a posibilidade da fuga a través da memoria, a imaxinación e a fantasía, cando a realidade non abonda por si mesma, para facela máis apetecible e mesmo transformala.

Logo Cultural
Galego Cultural

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

«Gústame as palabras. Abraiado, festa e morcego son algunhas das miñas favoritas. Encántame cantar, bailar, colorear, ler e xogar ao fútbol. Falo galego todos os días cos meus amigos, coa miña familia e coa miña cadela Moura»

Airos, 6 anos



Logo Cultural
Galego Cultural

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

Unha aproximación fotográfica ás faces da infancia e a rapazada que falan e viven en galego n unha situación de emerxencia lingüística.

Alba Diaz

— As emocións e os afectos

A lingua como un delicado ecosistema, rico e diverso que nos sitúa entre o ceo azul que contemplamos e a terra baixo os nosos pés nos tempos da Nube e Google Earth. Os afectos, a expresión das emocións e os sentimentos como un reflexo. Contra a intolerancia e a desprecación tecnofundista, contra a violencia e o fascismo. O poder das palabras como un bálsamo da alma, contido no poder afectante do encontro cos demais e cos libros. Que nos transportan, que nos moven e nos comoven. Porque interveñen nos nosos afectos. Que nos axudan a ser e estar máis e mellor.

Logo Cultural
Galego Cultural

—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

«Meu tio Nuno sempre falou un galego moi bonito. É moi da casa, palabras que non escoito por aí adiante. Eu no galego sempre encontro a palabra. É o que nos distingue do resto do mundo»

Cora, 15 anos



Logo Cultural
Galego Cultural

